

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 1/2021

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE XANEIRO DE 2021

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

1. Actas anteriores. (extraordinaria e urxente do 12.11, extraordinaria e urxente (COVID) do 12.11, extraordinaria do 18.11 e ordinaria do 25.11.2020).

#### Ditames das Comisións Informativas.

##### FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN

2. Aprobación da incorporación do arquivo de audio ou audiovisual da sesión ás Actas do Pleno e ás das Comisións informativas do Pleno. Expdte. 1675/110 (Registro Pleno 2757/1101)

##### ORZAMENTOS E FACENDA

3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 4º trimestre do ano 2020. Expte. 23955/541 (Registro Pleno 2758/1101)

#### Mocións resolutivas.

4. Moción do concelleiro membro non adscrito, sobre as peaxes da AP-9 e a necesidade de actuacións polo impacto da autoestrada na cidade. (Registro Pleno 2773/1101).
5. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a elaborar un plan a 4 anos para abordar a reforma integral de centros educativos públicos da cidade de Vigo. (Registro Pleno 2776/1101).
6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos. (Registro Pleno 2777/1101).
7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo a cantidade de 25 millóns de euros para que

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 1 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

se proceda á inmediata convocatoria pública de axudas ao sector da hostalería e do pequeno e mediano comercio. (Rexistro Pleno 2778/1101).

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a semaforizar o cruzamento de Avd. de Galicia co Camiño Cascalleira ao obxecto de evitar os accidentes e as situacións de perigo que alí se producen a diario. (Rexistro Pleno 2779/1101).
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Autoridade Portuaria a paralizar calquera iniciativa que supoña novos recheos, así como a realizar un estudo das diferentes actividades realizadas que permita comprobar cales precisan estar nesta terminal e as que poder estar ubicadas en calquera outro polígono industrial da cidade. (Rexistro Pleno 2780/1101).

### PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía do 22.12.20 ao 18.01.21. Expdte. 955/1102 (Rexistro Pleno 2770/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 22.12.20 ao 18.01.21. Expdte. 956/1102 (Rexistro Pleno 2771/1101).
12. Dar conta do decreto da Alcaldía de data 4.01.21, referente á delegación na concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación, etc. Expdte. 10122/307 (Rexistro Pleno 2769/1101).

### Mocións de control.

13. Moción do grupo municipal Mixto, instando ao goberno local á creación dun Plan Director do Arboredo que garanta a preservación do patrimonio arbóreo e a biodiversidade e outros acordos complementarios. (Rexistro Pleno 2766/1101).
- 14.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre o apoio coordinado e con medidas de contido económico de tódalas administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) para paliar a crise no sector da hostalería, así como outros acordos complementarios. (Rexistro Pleno 2775/1101).
15. **Formulación de rogos.**
16. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA      POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Caballero Álvarez Abel Ramón (P)  
Aguiar Castro Yolanda (T)  
Aneiros Pereira Jaime (P)  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)  
Caride Estévez María José (P)  
Espinosa Mangana Elena (P)  
Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)  
Fernández Pérez José Manuel (T)  
Gómez Díaz Gorka  
Iglesias González Ana Laura (T)  
Lago Barreiro María del Carmen (T)  
López Font Carlos (P)  
Losada Alvarez Abel Fermín (T)  
Mejías Sacaluga Ana Maria (T)  
Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)  
Rivas González Ángel (T)  
Rodríguez Calviño Patricia (T)  
Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)  
Rodríguez Rodríguez Nuria (T)  
Silva Rego María del Carmen (P)

Egerique Mosquera Teresa (T)  
González Castillo Jesús Marco (T)  
López Román Patricia (T)  
Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)  
Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e nove minutos do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. José Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria da Alcaldía de data 22 de xaneiro.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria. Procédese a tratar os asuntos que conforman a Orde do Día,

## PARTE RESOLUTIVA

**1. (1). ACTAS ANTERIORES. (EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 12.11, EXTRAORDINARIA E URXENTE (COVID) DO 12.11, EXTRAORDINARIA DO 18.11 E ORDINARIA DO 25.11.2020).**

VOTACIÓN E ACORDO.

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 3 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación apróbanse as Actas correspondentes ás seguintes sesións: extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2020; extraordinaria e urxente (Covid) do 12 de novembro de 2020; extraordinaria do 18 de novembro de 2020 e ordinaria do 25 de novembro de 2020.

**2. (2). APROBACIÓN DA INCORPORACIÓN DO ARQUIVO DE AUDIO OU AUDIOVISUAL DA SESIÓN ÁS ACTAS DO PLENO E ÁS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO PLENO. EXPDTE. 1675/110 (REX. PLENO 2757/1101)**

ANTECEDENTES. Con data 13 de xaneiro do 2021 o secretario xeral do Pleno, co conforme da concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal emite o seguinte informe proposta,

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LRXSP. Lei 40/2015, de 1 de decembro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LTBG. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

D. 24/2018. Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas.

Antecedentes. A LPAC incorpora o uso xeralizado e obrigatorio de medios electrónicos tanto respecto dos documentos e actos administrativos en xeral, artigos 26.1 e 36.1., como en relación coas diferentes fases do procedemento, artigos 71.1, 75.1, 80.2 e 88.4.; o artigo 70.2 establece, o formato electrónico dos expedientes administrativos. Respecto das relacións *ad intra* a LRXSP alude na súa Exposición de Motivos á utilización habitual dos medios electrónicos prevendo, artigo 46.1, que todos os documentos empregados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos; ambas leis, respectivamente, nas disposicións finais quinta e decimo sétima, recollen un mandato de adaptación normativa á regulación nelas contida.

Ao fío do exposto o D. 24/2018 regula o emprego de medios electrónicos nos Libros de Actas dos órganos de goberno das Administracións Locais; o artigo 1.4 sinala, *“Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión”*, a mención expresa o *“arquivo audiovisual”* non implica o non uso de *“arquivo de audio”* como soporte electrónico da sesión se o Pleno, no uso da potestade de autoorganización municipal no funcionamento do Pleno, artigo 4.1.a) LBRL, así o acorda. A Disposición Transitoria única do Decreto advirte que os Concellos de Galicia dispoñerán dun prazo de tres anos desde a entrada en vigor do Decreto para adaptar os Libros de Actas a soporte electrónico, prazo que conclúe o día 1 de marzo de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 09:58	Páxina 4 de 40
Expediente 2870/1101	CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O artigo 5.1 da LTBG sinala que as Administracións Públicas publicarán de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública.

Mediante Resolución de data 12.01.2021 a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal ten acordado a iniciación de Expediente para a incorporación do arquivo de audio ou audiovisual da sesión ás Actas do Pleno.

En aplicación do previsto no D. 24/2018 e cumprimentando a Resolución da Concellería delegada formúlase o Pleno do Concello de Vigo a seguinte proposta...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, na súa sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2021, ditaminou favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

VOTACIÓN. Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, a Presidencia e mais o membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e catro votos en contra dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO. As Actas das sesións do Pleno son instrumentos públicos e solemnes; constarán en documentos asinados electrónicamente pola persoa titular da Secretaría xeral do Pleno e pola persoa titular da Presidencia ou persoa que a substitúa ou en quen delegue. As sinaturas terán as garantías exixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos.

SEGUNDO. As Actas das sesións do Pleno estenderanse en soporte electrónico incorporando o arquivo de audio ou audiovisual das sesións.

TERCEIRO. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría xeral do Pleno da súa autenticidade e integridade, incorporaranse á Acta sen necesidade de facer constar nesta as deliberacións.

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 5 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CUARTO. A Acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo de audio ou audiovisual da sesión é un documento electrónico e multimedia que conterá a consignación dos seguintes datos:

a) Lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, membros asistentes con expresión dos seus cargos, os membros que escusasen a asistencia, orde do día, antecedentes expositivos e contido dispositivo dos acordos alcanzados, a expresión do sentido do voto dos membros e a clave identificativa do arquivo de audio ou audiovisual correspondente á sesión.

Nos antecedentes expositivos constará, en todo caso, a proposta de acordo formulada no Expediente. Inclúranse os informes que teñan carácter preceptivo e aqueles outros que, pola súa relevancia, conformaron e motivaron o acordo adoptado.

b) O arquivo de audio ou audiovisual da sesión recollerá a literalidade das intervencións.

c) Sinatura electrónica da persoa que exerce a Secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a Presidencia.

QUINTO. A Acta en soporte electrónico remitírase, xunto coa convocatoria da seguinte sesión, os membros da Corporación a efectos da súa aprobación no Pleno. Achegase a Acta, os efectos do seu coñecemento, o arquivo de audio ou audiovisual a ela incorporado.

SEXTO. Os Libros de Actas en soporte electrónico estarán integrados pola agregación cronolóxica e numerada das correspondentes Actas. Cada Libro electrónico de Actas abranguerá o período dun ano natural e incorporará un índice comprensivo dos arquivos de audio ou audiovisuais incorporados.

SÉTIMO. A aplicación informática que soporte tales Libros garantirá a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

OITAVO. Correspóndelle á persoa titular da Secretaría xeral do Pleno a custodia dos soportes electrónicos das Actas e de os seus Libros. A Secretaría xeral do Pleno expedirá certificacións ou testemuñas dos acordos cando o reclamen as autoridades competentes ou o soliciten por escrito os membros da Corporación.

NOVENO. Aprobada a Acta publicarase na Sede Electrónica do Concello (Portal de Transparencia), así mesmo publicarase o arquivo de audio ou audiovisual correspondente á mesma.

DÉCIMO. Nas Actas das Comisións Informativas do Pleno non incorporarán arquivo de audio ou audiovisual; o documento electrónico da Acta terá o seguinte contido:

a) Lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos e os membros que se escusasen, orde do día, emendas presentadas ás propostas de acordo formuladas, votos particulares, contido dos acordos ou ditames acadados, opinións sintetizadas, se for o caso, dos membros que tivesen intervido nas deliberacións, así como a expresión do sentido do voto dos membros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 6 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

b) Sinatura electrónica da persoa que exerce a Secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a Presidencia.

UNDÉCIMO. Os Libros de Actas en soporte electrónico das distintas Comisións estarán integrados pola agregación cronolóxica e numerada das correspondentes Actas, cada Libro abranguerá o período dun ano natural.

DUODÉCIMO. Dar traslado do presente acordo o Servizo de Informática do Concello de Vigo a efectos do seu coñecemento e implementación de medios tecnolóxicos que garantan a autenticidade, seguridade e conservación das Actas e dos Libros de Actas.

DÉCIMO TERCEIRO. Publicar o presente acordo na Intranet municipal.

**3. (3). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2020. EXPDTE. 23955/541 (REX. PLENO 2758/1101)**

ANTECEDENTES. Dáse conta do informe do Tesoureiro municipal, de data 14 xaneiro do 2021, co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o que segue,

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 7 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME

I. Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II. Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula a rexime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local: (...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumprimento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidade presupuestaria, sostenibilidade financeira, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a outras administracións o publicados en la web u outros medios de comunicación de la Entidad, sempre que se refieran a funcións propias de la tesorería.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 8 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



III. Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(.....)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)*”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:  
*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

-----  
 S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 9 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as disponibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV. Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 10 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.

Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V. Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2020.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2020 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 11 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco, Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade	X. M.	F. MARCO	C.	F.FAIMEVI
<b>Pagos feitos no trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	2.255	95	52	57	12
Importe dos pagos	48.605.391,6	276.021,94	165.515,47	196.545,3	145,20
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	9	0	46	0	0
Importe	111.287,06	,00	117.350,96	,00	,00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>10,17 días</b>	<b>16,49 días</b>	<b>55,26 días</b>	<b>10,87</b>	<b>9,00 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>					
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	356	0	24	0	0
Importe dos pagos	5.509.348,78	,00	31.239,68	,00	,00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	12	0	54	0	11
Importe	33.536,29	,00	74.035,47	,00	11.454,44
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>9,64 días</b>	<b>0,00 días</b>	<b>69,70 días</b>	<b>0,00 días</b>	<b>605,71 días</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimes t.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,58	21,18	28,54	12,50	73,10	35,88	16,00	0,00	0,88	330,71
Segundo	12,87	11,40	24,11	6,27	57,98	69,71	14,69	0,00	10,17	421,71
Terceiro	10,32	10,00	23,09	5,20	104,60	81,06	17,36	0,00	8,75	513,71



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 12 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto	10,17	9,64	16,49	0,00	55,26	69,70	10,87	0,00	9,00	605,71
--------	-------	------	-------	------	-------	-------	-------	------	------	--------

### En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	31.858.279,62	2.277.430,23	209.611,71	120.799,55	216.482,58	92.589,63	856,53	,00	1.340,83	11.454,44
Nº pagos	1.865	103	86	19	168	63	50	0	14	11
<b>Segundo</b>	27.255.878,49	3.107.590,98	378.550,42	53.331,12	136.912,21	121.930,80	2.172,99	,00	145,20	11.454,44
Nº pagos	1.014	143	77	9	76	59	14	0	12	11
<b>Terceiro</b>	30.523.368,81	3.783.465,19	216.937,79	28.797,72	109.591,98	163.477,73	2.655,90	,00	145,20	11.454,44
Nº pagos	1.445	241	84	6	82	81	14	0	12	11
<b>Cuarto</b>	48.716.678,74	5.544.885,07	276.021,94	,00	282.866,43	105.275,15	196.545,39		145,20	11.454,44
Nº pagos	2.264	368	95	0	98	78	57		12	11

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22	8,96	12,33	8,16	7,12	8,86	9,66	9,98	9,75	7,04
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61	330,62	360,36	390,24	421,11	451,98	481,85	512,72	542,59	573,45
MARCO	88,77	76,78	31,26	45,09	67,79	77,97	74,44	78,79	94,65	72,87	59,98	48,79
XMU	18,76	6,27	12,25	10,02	16,40	9,93	7,71	16,02	10,47	6,98	7,49	9,89

S. Ord. 27.01.2021



V. C.BUR.	,00	24,00	24,00	10,44	13,91	19,73	17,72	10,93	17,62	18,07	6,83	9,04
<b>PMP Global</b>	<b>17,60</b>	<b>13,08</b>	<b>11,63</b>	<b>9,69</b>	<b>13,42</b>	<b>9,73</b>	<b>8,25</b>	<b>10,57</b>	<b>11,43</b>	<b>11,33</b>	<b>10,82</b>	<b>7,49</b>

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2020

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	10.897.421,15	1.852.435,55	117.858,21	27.094,61	24.897,81	93.113,87	327,14	0,00	1.244,03	11.454,44
Febreiro	8.931.103,78	3.164.297,95	2.343,43	73.097,06	161.413,84	34.418,81	172,44	0,00	48,70	11.454,44
Marzo	11.990.236,68	2.255.736,33	89.410,07	120.799,55	30.170,93	92.589,63	356,95	0,00	48,40	11.454,44
Abril	9.603.071,50	2.984.060,20	118.697,41	75.349,56	47.418,96	105.848,77	1.123,31	0,00	48,40	11.454,44
Maio	9.210.579,92	1.366.622,06	124.402,93	19.277,27	16.724,87	113.757,92	4.895,57	0,00	48,40	11.454,44
Xuño	8.432.448,65	2.863.498,68	135.450,08	53.331,12	72.768,38	121.930,80	500,08	,00	48,40	11.454,44
Xullo	10.432.324,77	3.476.168,11	69.174,34	57.507,96	36.513,56	130.711,01	499,15	,00	48,40	11.454,44
Agosto	10.185.158,02	735.933,07	57.507,96	69.210,01	31.654,61	157.103,56	468,50	461,00	48,40	11.454,44
Setemb.	9.829.043,38	3.227.970,45	90.255,49	28.797,22	51.001,78	163.477,73	1.687,54	,00	48,40	11.454,44
Outubro	10.186.594,02	2.270.026,99	73.065,57	28.153,17	118.230,02	67.855,38	357,65	37,13	48,40	11.454,44
Novemb	10.252.743,70	2.658.814,32	43.887,52	56.504,95	78.302,72	89.871,98	438,03	60.521,05	48,40	11.454,44
Decemb	28.220.815,03	5.535.923,30	276.021,94	,00	86.645,87	105.275,15	195.749,71	,00	48,40	11.454,44
<b>TOTAL</b>	<b>138.171.540,60</b>		<b>1.198.074,95</b>		<b>755.743,35</b>		<b>206.576,07</b>		<b>1.776,73</b>	

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período.

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."



DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20.01.2021, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigacións previstas nas leis correspondentes ao 4º trimestre do ano 2020.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no Salón de Plenos gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente e a primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego. Ocupa a Presidencia o segundo tenente de alcalde Sr. Pardo Espiñeira.*

## MOCIÓNS RESOLUTIVAS

### 4. (4). **MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SOBRE AS PEAXES DA AP-9 E A NECESIDADE DE ACTUACIÓNS POLO IMPACTO DA AUTOESTRADA NA CIDADE. (REX. PLENO 2773/1101).**

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2773/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

SOBRE AS PEAXES DA AP-9 E A NECESIDADE DE ACTUACIÓNS POLO IMPACTO DA AUTOESTRADA NA CIDADE

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 tense configurado como unha infraestrutura viaria de carácter esencial para a mobilidade no conxunto do eixo atlántico de Galiza e, xa que logo, na principal vía de conexión rodada da cidade de Vigo.

No entanto, o seu modelo concesional, prorrogado e agravado por decisións de sucesivos gobernos do Estado, produce uns evidentes prexuízos para o conxunto da cidadanía e singularmente para os sectores profesionais dedicados ao transporte e a loxística. Así, malia estar máis que debidamente amortizado o investimento da súa posta en marcha, o mantemento das peaxes e o seu continuado e permanente incremento, converten a AP-9 na autoestrada que rexistra os maiores aumentos de custe do conxunto do Estado e un do escasos

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 15 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

exemplos de concesións de longa duración inda vixentes neste tipo de infraestruturas no conxunto do Estado español.

Existe un clamor social que desde hai moitos anos esixe a fin das peaxes e que demanda, tamén, que a xestión desta infraestrutura se realice desde o noso País, como visa a proposición de lei acordada de maneira unánime por todas as forzas políticas do Parlamento galego para a súa transferencia por parte do Estado.

Como parte do acordo de investidura asinado polo BNG co PSOE en xaneiro de 2020, o novo Goberno español comprometéase a executar a transferencia da competencia sobre a AP-9 ao longo do ano 2020, á gratuidade do tramo Vigo-Redondela, así como a poñer en marcha rebaixas da peaxes con bonificacións do 100% para usuarios/as recorrentes que realicen dous ou máis tránsitos ao día, sexan particulares ou profesionais, todos os días da semana a cargo dos novos orzamentos xerais do Estado. Ademais, establécese o compromiso de eliminar o impacto nos usuarios da AP-9 do incremento extraordinario acumulativo durante 20 anos, contemplado nos Reais Decretos 1733/2011 e 104/2013 e as súas adendas e desenvolvementos posteriores.

Porén, malia que nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021 xa se inclúen partidas económicas por importe de 55 millóns de euros para estas finalidades -que como recoñece explicitamente o propio Goberno español no seu informe de cumprimento de compromisos, presentado polo presidente Pedro Sánchez o pasado 29 de decembro, responden ao acordado no pacto de investidura co BNG-, non hai un calendario claro para a súa efectivización. Ao contrario, o inicio do presente ano 2021 a AP-9 volveu ser, por cuarto ano consecutivo, a autoestrada coa maior suba de peaxes de todo o Estado español, cun novo incremento por volta do 1%, e que se traduciu nunha suba de 5 céntimos na peaxe entre Vigo e Redondela a pesar de que debiera ser suprimida.

Non hai motivo obxectivo que xustifique que, malia se tratar dun compromiso formalizado polo Goberno español en xaneiro de 2020 e de contar coas partidas orzamentarias precisas, se estea a dilatar a aplicación destas medidas que suporían un avance substancial no camiño de liberar esta autoestrada. Neste sentido, resulta inaceptábel que desde o Ministerio se aluda xenericamente a súa entrada en vigor no primeiro semestre deste ano, cando houbo tempo abondo para preparar con suficiente previsión as modificacións normativas e administrativas precisas desde hai un ano.

Por outra parte, non se ten actuado para reducir o impacto que o trazado da AP-9 e a súa entrada na cidade ten producido e que afectan de maneira singular ao barrio de Teis. Un informe da propia empresa concesionaria, Audasa, recoñecía no ano 2012 que o tramo da AP-9, de 3,8 quilómetros de extensión, comprendido entre Torres de Padín e o centro urbano da cidade de Vigo, e que atravesa o barrio de Teis, rexistraba niveis de ruído por encima dos 65 dB afectando a 600 vivendas e 1.600 persoas, o que o converte, literalmente, na “zona máis exposta” á contaminación acústica derivada da autoestrada nos seus 219 quilómetros de extensión total. Na denominada faixa de incomodidade acústica, cifrada entre 55 e 60 dB, atópanse un total de 5 mil vivendas e unha poboación exposta de 13.500 persoas. Trátase de niveis de ruído que poden ocasionar, segundo as claras indicacións da Organización Mundial da Saúde, un impacto negativo na saúde das persoas, agravado por unha exposición continuada aos mesmos. Ao paso da AP-9 en Teis sitúanse ademais instalacións públicas, entre elas varios centros educativos (CEIP San Salvador, IES de Teis ou IES Rosais II). Con todo, nos case 40 anos que leva instalada a AP9 ao seu paso por Vigo, nunca se adoptaron as medidas necesarias para controlar e reducir a contaminación acústica a pesar de que neste tramo utilizan a autoestrada entre 50 mil e 60 mil vehículos diarios.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 16 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



A veciñanza de Teis leva moitos anos reivindicando a necesidade de acometer actuacións que poñan fin aos graves prexuízos que ocasiona o paso da AP-9 no seu actual trazado, entre eles salientan os derivados da contaminación acústica. Nese sentido, demandan a conversión en vía urbano do tramo comprendido desde o acceso ao termo municipal de Vigo, nas Torres de Padín até o centro urbano da cidade. Con todo, mentres esta actuación non se materializa, urxe a instalación de medidas que reduzan os niveis de ruídos aos que se ve exposta a poboación de Teis, como son as barreiras acústicas.

Á problemática dos ruídos engádese tamén a situación dos pasos elevados sobre a AP-9 nos camiños da Xorxa e da Trapa, nos que desde o ano 1979 se permite o tránsito de vehículos e peóns, mais que non teñen recibido o mantemento axeitado. Desde xaneiro do ano 2019, a Asociación Veciñal de Teis dirixiuse até en tres ocasións ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para reclamar a mellora destes pasos elevados para garantir o tránsito seguro tanto de vehículos como de persoas. O pasado 19 de agosto de 2020 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia deu resposta a estes escritos sinalando que se trata de “pasarelas peonís”, a pesar do constatado e continuado uso por parte de vehículos. A este respecto, tal e como sinala a veciñanza, prohibir a circulación de vehículos por estes pasos supoñería un grave prexuízo para a poboación residente, que impediría mesmo o acceso rodado de servizos de emerxencia.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes,

#### ACORDOS

Instar o Goberno español a:

1. Aplicar desde o vindeiro 1 de febreiro as bonificacións do 100% das peaxes da AP-9 para usuarios/as recorrentes que realicen dous ou máis tránsitos ao día, sexan particulares ou profesionais e todos os días da semana, a cargo dos novos orzamentos xerais do Estado, e a suprimir de maneira definitiva a peaxe entre Vigo e Redondela.
2. Avanzar na transferencia da titularidade e xestión da AP-9 á Xunta de Galiza, atendendo o acordo unánime do Parlamento galego, adoptando as medidas que foren precisas para a súa plena liberación de peaxes.
3. Promover a conversión en vía urbana do tramo da AP-9 desde o seu acceso ao termo municipal de Vigo en Torres de Padín, e a instalar entre tanto pantallas de protección acústica ao seu paso.
4. Proceder á reforma dos pasos elevados da AP-9 dos camiños da Xorxa e da Trapa para permitir o tránsito seguro de vehículos e peóns.”

*EMENDA. Os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, presentan en data 25.01.21 no Rexistro do Pleno nº 2785/1101, a seguinte emenda de engádeda:*

Incluír un 5 e un 6 punto:

5. Instar ao Goberno do estado a non aceptar a solicitude de ampliación concesional máis aló do 2048 solicitada xa formalmente pola concesionaria polo impacto da COVID-19 e proceder de inmediato ao proceso de nacionalización da AP-9 e a súa transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia.

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 17 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

6. Instar ao Goberno local do Concello de Vigo a estudar xurídicamente a posibilidade de forzar a Audasa ao pago do IBI nos tramos da infraestrutura que trascorren polo Concello de Vigo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

*EMENDA. Ao seren aceptada a emenda de engádeda polo relator da moción Sr. Pérez Igrexas, incorpórase o texto á mesma.*

VOTACIÓN. Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Rexeitar a Moción presentada en data 22.01.2021 (Rex. Nº 2773/1101) polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito, xunto coa engádeda, nos antecedentes deste acordo.

**5. (5). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ELABORAR UN PLAN A 4 ANOS PARA ABORDAR A REFORMA INTEGRAL DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO. (REX. PLENO 2776/1101).**

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2776/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

Dende a chegada de Abel Caballero a alcaldía de Vigo no ano 2007, e despois de facer un estudio técnico do estado dos colexios públicos da cidade de Vigo, este goberno local ven manifestando a súa preocupación polo mal estado dos colexios públicos da cidade e reclamando a necesidade de acometer reformas integrais nos centros escolares.

Estas necesidades foron en aumento nos últimos anos e son, cada vez máis, os problemas que se atopan os nenos e nenas para poder ter unhas boas condicións para a mellora da súa calidade educativa.

O Concello debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de



obrigado cumprimento: *“a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia do Concello”*. Estas competencias falan soamente de conservación e mantemento, non de inversión.

Os centros escolares da cidade de Vigo, na súa maioría, teñen máis de 50 anos de antigüidade, e precisan unha reforma integral que solucione todas esas carencias para garantir a calidade educativa.

Cando o material chega ao fin da súa vida útil é imposible continuar co seu mantemento, é necesaria unha inversión e renovación que é competencia da Xunta de Galicia. Nos últimos anos están a aumentar os problemas en diversos aspectos como os baños, chans das aulas, patios escolares, cubertas de pavillóns, tellados, fiestras, pistas polideportivas, problemas de illamento, de fontanería, problemas con sistemas de calefacción que teñen máis de medio século de vida e un longo etcétera.

Estes problemas están a ser solucionados en moitos casos por este goberno local ante a falta de investimento por parte da Xunta de Galicia. O mal estado dos materiais e a súa antigüidade fai imposible, en moitos casos, o seu óptimo mantemento e, como no caso das calefaccións, dificulta enormemente a obtención de pezas para a súa reparación ao estar totalmente descatalogadas. Estes problemas veñen a ser advertidos por este Goberno local dende fai moitos anos e son numerosas as mocións presentadas instando á Xunta de Galicia a, dunha vez por todas, asumir a súa responsabilidade e solucionar todos estes problemas estruturais que dificultan enormemente o benestar dos alumnos e alumnas dos colexios públicos da nosa cidade.

Dende o Concello de Vigo estamos a cumprir escrupulosamente coas nosas obrigas en canto a conservación e mantemento, e incluso estamos a atender aos centros máis alá das nosas competencias ante a pasividade e falta de inversión da Xunta de Galicia.

As instalacións educativas da cidade de Vigo precisan de investimento que contribúa a manter uns estándares axeitados de calidade e seguridade.

O Concello de Vigo ven aumentando, nos últimos anos, a partida destinada a conservación e mantemento da rede de centros públicos de educación infantil e primaria, co fin de atender obras demandadas polos centros e non resoltas pola Administración competente, a Xunta de Galicia.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a elaborar un plan a 4 anos, dotado nos seus orzamentos con 40 millóns de euros, para abordar a reforma integral de centros educativos públicos da Cidade de Vigo, asumindo así as súas competencias e atendendo a demanda da comunidade educativa da nosa cidade.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

VOTACIÓN. Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista,

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 19 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada en data 22.01.2021 (Rex. Nº 2776/1101) polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6. (6). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE INCREMENTE O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA SÚA COMPETENCIA E QUE XESTIONAN OS CONCELLOS. (REX. PLENO 2777/1101).**

*Incidencia. Auséntase da sesión a Sr. Pardo Espiñeira. Ocupa a Presidencia a terceira tenente de alcalde Sra. Espinosa Mangana.*

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2777/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

A aprobación no ano 2006 da Lei de Dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un fito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un grande avance no sistema de protección social en España.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás Comunidades Autónomas “xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración a atención á dependencia”.

Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.000 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos Concellos.

De feito, a súa xestión e financiamento ven imposto aos Concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A aportación da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de apenas 9,7 euros/hora, e a dita aportación está conxelada dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada a insuficiente contía que aporta a Xunta para a xestión dunha competencia propia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 20 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os Concellos teñen asumido ao longo destes case 10 anos todos os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar.

Concretamente, o Concello de Vigo, ten incrementado ano a ano o importe deste contrato nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia, asumindo en solitario todos os incrementos sucesivos do prezo/hora. No ano 2012 o prezo hora do servizo era de 13,31 euros, namentras que na última adxudicación do servizo o prezo hora incrementouse ata os 16,69 euros/hora, o que supón un incremento do gasto do servizo de case 1,5 millóns de euros, incremento integramente asumido polo Concello de Vigo.

Desde xeito, a financiación porcentual da Xunta de Galicia desta competencia propia, lonxe de se incrementar dende o ano 2012, reduciuse drásticamente, sendo os concellos os que teñen incrementado notablemente a súa aportación ao financiamento desta xestión delegada pola lei autonómica.

O Goberno de España está a piques de aprobar o Plan de Choque e impulso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, para paliar os durísimos recortes do PP en materia de dependencia, que comprometeron seriamente a viabilidade e sostibilidade do Sistema.

Agora, o Goberno de España, para reverter estes recortes, inxectará 600 millóns de euros no exercicio 2021, para o incremento da financiación do Servizo de Axuda no Fogar, que inclúe unha suba das cuantías do nivel mínimo do 17,4% e a recuperación do nivel acordado no seu día.

Concretamente, Galicia recibirá máis de 45 millóns adicionais para a financiación da dependencia e devolvela aos niveis anteriores ao goberno do PP.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Excm. Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

#### ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os profesionais do dito servizo.
2. Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o o seu coñecemento e efectos.

O anterior Goberno de Mariano Rajoy aprobou unha serie de normas que recollían estes recortes o que supuxo unha auténtica estocada aos dereitos das persoas dependentes: incremento dos copagos, recortes nas contías das achegas económica na contorna familiar, redución drástica do mínimo exento de copago, novos e máis duros requisitos para o acceso aos dereitos.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

*Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Sr. Aneiros Pereira.*

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 21 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VOTACIÓN. Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada en data 22.01.2021 (Rex. nº 2777/1101) pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7. (7). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A TRANSFERIR AO CONCELLO DE VIGO A CANTIDADE DE 25 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE SE PROCEDA Á INMEDIATA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALERÍA E DO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO. (REX. PLENO 2778/1101).**

*Incidencia. Incorpórase a sesión o segundo tenente de alcalde que ocupa a Presidencia.*

ANTECEDENTES. mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2778/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

A situación do sector da hostalería cada vez é máis grave. As decisións sanitarias adoptadas pola Xunta de Galicia, que contan co respecto deste Concello, está a afectar gravemente aos negocios do sector. Reiteramos que as competencias nesta materia corresponden á Xunta de Galicia e que debe adoptar decisións de indemnización ao sector con carácter inmediato.

Son xa moitos meses e a Xunta de Galicia que recibiu 1.193 millóns de euros extraordinarios do Goberno de España non adoptou un auténtico Plan de Rescate que debe basearse sinxelamente en quen pecha, paga. A decisión de pechar negocios, total ou parcialmente, debe ir acompañada inexcusablemente de aprobar as indemnizacións correspondentes.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 22 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 23 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## CASCALLEIRA AO OBXECTO DE EVITAR OS ACCIDENTES E AS SITUACIÓNS DE PERIGO QUE ALÍ SE PRODUCEN A DIARIO. (REX. PLENO 2779/1101).

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2021, nº 2779/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

En novembro de 2.019, atendendo solicitude veciñal, este Concello solicitou da Xunta de Galicia a semaforización de cruzamento de Avenida de Galicia con Camiño Cascalleira. Dita petición baséase na necesidade de regular o tráfico ante a alta sinistralidade que alí se produce de acordo cos datos dos últimos anos.

Esta vía é de competencia autonómica e por tanto corresponde á Xunta de Galicia a execución da devandita actuación semaforizada solicitada non podendo abordala o Concello.

Despois de máis dun ano sen recibir contestación e sen que a Xunta de Galicia atendese esta petición, absolutamente necesaria en materia de seguridade viaria, é necesario requirir de formar urxente que esta semaforización leve a cabo.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a proceder de forma urxente a semaforizar o cruzamento de Avenida de Galicia co Camiño Cascalleira ao obxecto de evitar os accidentes e as situacións de perigo que alí se producen a diario.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Lago Barreiro.*

VOTACIÓN. Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 24 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Aprobar a Moción presentada en data 22.01.2021 (Rex. Nº 2779/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**9. (9). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á AUTORIDADE PORTUARIA A PARALIZAR CALQUERA INICIATIVA QUE SUPOÑA NOVOS RECHEOS, ASÍ COMO A REALIZAR UN ESTUDO DAS DIFERENTES ACTIVIDADES REALIZADAS QUE PERMITA COMPROBAR CALES PRECISAN ESTAR NESTA TERMINAL E AS QUE PODER ESTAR UBICADAS EN CALQUERA OUTRO POLÍGONO INDUSTRIAL DA CIDADE. (REX. PLENO 2780/1101).**

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2780/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

O Porto de Vigo é un elemento fundamental da economía de Vigo e de Galicia. Como nodo loxístico e espazo produtivo permite o desenvolvemento de importantes actividades portuarias como a pesca e a construción naval, o tempo que facilita a internacionalización das empresas do entorno de Vigo, de Galicia e do Noroeste Peninsular e constitúe unha porta de entrada ás actividades turísticas, de lecer e deportivas.

Historicamente as actividades vinculadas o Porto de Vigo permitiron explicar o crecemento económico e social da cidade, a implantación empresarial en Vigo e o seu entorno e a internacionalización e competitividade da actividade económica deste territorio, xogando un papel decisivo para converter a Vigo na principal cidade de Galicia. No presente e futuro da cidade, o Porto segue e seguirá ocupando un papel fundamental, razón pola que é imprescindible o seu funcionamento eficaz e eficiente.

A implantación do Porto de Vigo no enclave natural da Ría de Vigo, fai preciso compatibilizar seu funcionamento presente e futuro coa preservación dun entorno natural privilexiado e especialmente sensible. O Concello de Vigo leva anos defendendo o valor ambiental da ría, a súa diversidade, a súa paisaxe e a necesidade da conservación do entorno para manter e potenciar o atractivo da cidade para as súas veciñas, veciños e empresas. Neste senso, a futura presentación da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio Natural da Humanidade pretende reforzar esta protección ambiental e reforzar os procesos de conservación deste importante y fráxil entorno.

A autoridade portuaria de Vigo ven de propoñer a ampliación da terminal de Bouzas cun novo recheo de entre 60.000 e 82.000m2. Dada a fragilidade medioambiental da ría é preciso garantir a mellora da actividade portuaria o tempo que se evitan recheos que dañan o ecosistema da ría.

Por outra banda, logo da nulidade do Plan de Delimitación de Espazos y Usos Portuarios (DEUP), a Autoridade Portuaria está a tramitar unha nova delimitación

S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 25 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

que reduce de xeito importante as zonas de interacción porto-cidade e parece esquecer que o porto é unha parte imprescindible do desenvolvemento urbano, económico e social da cidade.

O Alcalde de Vigo xa trasladou a Autoridade Portuaria de Vigo o rexeitamento da cidade a novos recheos e a necesidade de mellorar a relación porto-cidade. Compre agora propoñer o pleno municipal de Vigo un pronunciamento sobre estas cuestións.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes,

#### ACORDOS

O Concello de Vigo rexeita calquera proxecto portuario que supoña novos recheos na ría de Vigo.

O Concello de Vigo insta a Autoridade Portuaria de Vigo a:

Paralizar calquera iniciativa que supoña novos recheos

Realizar un estudo que permita diferenciar as actividades que precisan estar nesta terminal de aquelas que poden estar ubicadas en calquera polígono industrial da cidade. Neste senso, é preciso un plan de actuacións a medio e longo prazo que garanta que o porto e, en particular a terminal de Bouzas, aloxa e ordea de xeito eficiente e eficaz as actividades portuarias.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN. Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Moción presentada en data 22.01.2021 (Rex. Nº 2780/1101) pola concelleira do grupo municipal Socialista Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### PARTE DE CONTROL

**10. (10). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO 22.12.20 AO 18.01.21. EXPDTE. 955/1102 (REX. PLENO 2770/1101).**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 26 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES. Dáse conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía desde o día 22.12.20 o día 18.01.21 incluídas no Expediente 955/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

**11. (11). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 22.12.20 AO 18.01.21. EXPTE. 956/1102 (REX. PLENO 2771/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións ditadas polos concelleiros/as delegados/as desde o día 22.12.20 o día 18.01.21 incluídas no Expediente 956/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

**12. (12). DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 4.01.21, REFERENTE Á DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO TÓDALAS ATRIBUCIÓNS PRECISAS PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA E POLÍTICA, XESTIÓN, SEGUIMENTO, TRAMITACIÓN, ETC. EXPDTE. 10122/307 (REX. PLENO 2769/1101).**

ANTECEDENTES. Dáse conta do Decreto da Alcaldía de data 14 xaneiro do 2021 que di o que segue,

DECRETO

Por Resolución desta Alcaldía de data 26 de xuño de 2019 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico atribuíndose ao seu titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos. Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 27 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA

Primeiro. Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do SÉTIMO programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2021, a través do servizo de Patrimonio Histórico:- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURAIS PROGRAMA ARTE URBANO.- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.- 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.

Segundo. Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro. Esta delegación de atribucións. de conformidade co sinalado no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto. Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

Do Decreto a Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

MOCIÓNS DE CONTROL

**13. (13). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO AO GOBERNO LOCAL Á CREACIÓN DUN PLAN DIRECTOR DO ARBOREDO QUE GARANTA A PRESERVACIÓN DO PATRIMONIO ARBÓREO E A BIODIVERSIDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (REX. PLENO 2766/1101).**

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 18 de xaneiro de 2021, nº 2766/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN PLAN DIRECTOR DO ARBOREDO NA CIDADE DE VIGO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2021 09:58	Páxina 28 de 40
Expediente 2870/1101	CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por un arboredo urbano que viva coa cidadanía, contribuíndo á mellora da calidade de vida presente e futura. Porque o conxunto arbóreo urbano debe ser, de vez, unha infraestrutura verde da cidade e un recurso natural que contribúa a engrandecer a nosa cidade grazas aos servizos ambientais e sociais que proporciona á poboación actual e ás xeracións futuras.

Dende a Marea de Vigo, defendemos conservar a biodiversidade e desterrar a consideración do arboredo coma unha peza máis do mobiliario urbano, incluso unha peza de pouco valor, daquelas pezas decorativas que, carecendo de historia e de vencello coa cidade, poden substituírse en calquera momento. O municipalismo de postal de Caballero aposta pola vexetación de postal, vexetación de usar e tirar sobre soportes de formigón. Arbustos, sebes e microoliveiras van substituíndo aquelas árbores que afondaran as súas raíces durante décadas na Gran Vía ou na praza de Don Bosco.

A política de tallas innecesarias e a política da polarización política, acusando á oposición de responsable das críticas cidadás a estas actuacións antiecolóxicas, deben rematar.

Ata agora, as denuncias das organizacións ecoloxistas, veciñais e tamén políticas que, como a Marea de Vigo, vimos reclamando ao Goberno local o cese de tallas e de traslados innecesarios e arriscados non foi escoitada. Pero o clamor está na cidadanía de Vigo: o Concello de Vigo debe impulsar a conservación do patrimonio verde.

Propoñemos un Plan Director do Arboredo de Vigo, que conteña, cando menos, estas sete liñas estratéxicas:

1. Preservar o patrimonio arbóreo e a biodiversidade. Inventariar, de xeito detallado e actualizado, o arboredo do municipio e coñecer a diversidade biolóxica que o integra, así como a fauna que vive nel, achega o coñecemento necesario para actuar co máximo rigor técnico en materia de planificación, xestión e mantemento do arboredo. Isto implica a necesaria observancia do establecido no capítulo VI da Ordenanza Municipal de Medio Ambiente, referida a Zonas naturais e espazos verdes, vixente dende 1994. Esta Ordenanza establece xa o compromiso de contar cun catálogo municipal actualizado de “formacións e especies vexetais singulares [plantadas sobre solos de propiedade municipal ou terreos particulares] que pola súa beleza, antigüidade, historia ou rareza merezan ser conservadas”.

Para a preservación do patrimonio arbóreo e a biodiversidade, propoñemos tamén o decidido aumento das zonas verdes peonís en toda a cidade e mais a concreción dun Plan de Protección do Patrimonio Histórico e Natural do monte do Castro, como espazo verde destinado a peóns e ciclistas, libre da circulación interior de vehículos a motor.

2. O coñecemento. O coñecemento achega máis seguridade e rigor técnico á hora de actuar. Avanzar no coñecemento das árbores no seu conxunto, e de cada especie en particular, permite planificar, xestionar e manter con garantías o patrimonio arbóreo da cidade. Cómpre estudar as funcións, valores e servizos do arboredo, estudar os efectos do cambio global sobre o micro clima urbano e o seu impacto no arboredo e tecer redes de coñecemento e intercambio de experiencias con outras cidades galegas, estatais e internacionais.

3. A comunicación e a participación. É fundamental difundir os servizos das árbores entre a cidadanía, facéndoa partícipe da súa conservación. E isto implica compartir coa comunidade os valores da árbore como ser vivo, así os servizos

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 29 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

beneficios que o conxunto do arboredo achega á habitabilidade da cidade e á saúde das persoas. As ferramentas para acadar estes retos de coidado comunitario son os espazos de participación, a educación ambiental e as campañas de comunicación e de información. De comunicación, non de propaganda.

4. A planificación e a conectividade. Cómpre planificar o arboredo coma unha infraestrutura verde que se estende en forma de rede por toda a cidade, de maneira semellante a como o fan o resto de infraestruturas e servizos urbanos. Incrementar a biomasa arbórea da cidade, revisar os criterios de planificación e deseño da plantación de árbores nos proxectos urbanos e potenciar os corredores verdes son cuestións esenciais para maximizar os beneficios ambientais e sociais do arboredo urbano. Neste sentido, xa propuxemos nas suxestións ao borrador do PXOM, a concreción dun Plan de Infraestruturas Verdes e Biodiversidade que permita unha planificación global para a protección e potenciación do patrimonio natural e a biodiversidade de Vigo. Deste xeito, evitaríanse actuacións perniciosas, como as tallas masivas no centro da cidade e tamén no corredor do río Lagares, que están provocando a conversión do corredor natural do río Lagares nun paseo sen vexetación de ribeira, no canto de actuar como corredor natural de conexión entre os ecosistemas do monte, do val e da ría.

5. A saúde das árbores. As árbores son seres vivos sensibles, coma o resto de organismos, a determinadas enfermidades e pragas que poden chegar a ser graves e causar a morte, se non se vela periodicamente polo seu estado de saúde. Aplicar as tallas porque as árbores están doentes non é unha política de protección do patrimonio arbóreo. Cómpre aplicar un control integrado de pragas e de enfermidades, así como potenciar e difundir o valor das plantas beneficiosas, favorecendo o desenvolvemento da vexetación espontánea.

6. A poda e a seguridade. Cada especie de árbore ten unhas características determinadas. Deixar que as árbores medren libremente e desenvolven o seu máximo porte natural, reducindo as accións de poda ás mínimas imprescindibles, dá lugar a un arboredo de calidade, á vez que debe dispor de todas as garantías de seguridade para a cidadanía. Cómpre revisar os criterios de poda do arboredo e eliminar, para sempre, a política de tallas que ameaza, dende hai uns anos, as árbores de Vigo.

7. O solo. É preciso proporcionar ás árbores máis volume de solo e de máis calidade, pois iso facilitará o enraizamento e garantirá máis e mellor calidade de vida ás árbores ao longo do seu ciclo de desenvolvemento. As raíces das árbores son, ademais dun elemento de suxeición estrutural, unha parte fundamental para a supervivencia destes seres vivos, xa que a través delas captan os nutrientes da auga do solo necesarios para realizar as súas funcións.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes,

#### ACORDOS

1. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á creación dun Plan Director do Arboredo que garanta a preservación do patrimonio arbóreo e a biodiversidade, así como a saúde integral das árbores tendo en conta as especificidades e necesidades de cada especie en canto a calidade e espazo do solo, tallas, e demais coidados para o seu óptimo ciclo de desenvolvemento.

2. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a manter actualizado o inventario municipal, segundo o establecido no capítulo VI da Ordenanza Municipal de Medioambiente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 30 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á planificación dun aumento da masa arbórea da cidade e dos corredores verdes.

4. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á concreción dun Plan de Protección do Patrimonio Histórico e Natural do monte do Castro, como espazo verde destinado a peóns e ciclistas, libre da circulación interior de vehículos a motor.

5. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á concreción dun Plan de Infraestruturas Verdes e Biodiversidade que permita unha planificación global para a protección e potenciación do patrimonio natural e a biodiversidade de Vigo e evite as actuacións perniciosas.

6. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a establecer canles de comunicación e participación coa cidadanía co obxectivo de facela partícipe da conservación do patrimonio arbóreo vigués, co desenvolvemento de ferramentas como espazos de participación, educación ambiental e campañas de difusión da información.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN. Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Rexeitar a Moción presentada en data 18.01.2021 (Rex. Nº 2766/1101) polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**14. (14). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O APOIO COORDINADO E CON MEDIDAS DE CONTIDO ECONÓMICO DE TÓDALAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓNS E CONCELLOS) PARA PALIAR A CRISE NO SECTOR DA HOSTALERÍA, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (REX. PLENO 2775/1101).**

ANTECEDENTES. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Pleno o 22 de xaneiro de 2021, nº 2775/1101, o voceiro do grupo municipal Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 31 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## MOCIÓN

A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos. Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, por ser o sector que se mantivo totalmente pechado por máis tempo, e, máis recentemente, un Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros pechados por mor da pandemia. Este último plan está dotado de 86,2 millóns de euros e contén tres liñas de axuda ás que pode acceder á hostalería, ademais unha liña exclusiva para este sector dotada con 17 millóns de euros de crédito.

Por outra banda, o Goberno galego habilitou tamén nos últimos meses liñas de préstamos directos para autónomos e pequenas empresas con máis problemas de liquidez por importe de 10 millóns de euros ou axudas para a adaptación das terrazas da hostalería e a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local (3 millóns de euros). Ademais, avanzouse que as axudas continuarán mentres se prorroge a situación.

En paralelo, algúns concellos e deputacións habilitaron medidas de apoio, normalmente non específicas para este sector, e o Goberno central un plan de axudas ao sector Horeca que non incluíu axudas directas.

Considerando que as achegas nos vindeiros meses deberán continuarse dada a evolución da situación sanitaria, na súa xuntanza do pasado 13 de xaneiro, tanto o Goberno galego como os representantes da hostalaría propuxeron abrir unha tripla fronte mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conte coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma de Valencia, onde a Generalitat aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte,

## ACORDO

1. O Concello de Vigo, en coñecemento da situación que atravesamos o sector da hostalería manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral á mesma.
2. O Concello de Vigo comprométese a contribuír, xunto co resto de administracións públicas de Galicia, á creación do Fondo de Cooperación galego



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 32 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



COVID-19, ao igual que o que se aprobou na Comunidade Valenciana, co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

3. O Concello de Vigo comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e implementar a redución, exención ou bonificación de todas as taxas e impostos municipais.

4. O Concello de Vigo solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4% e que inclúa axudas directas ao sector da hostalería no Plan de Rescate aprobado polo Consello de Ministros.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Rodríguez Calviño.*

VOTACIÓN. Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.01.2021 (Rex. Nº 2775/1101), polo voceiro do grupo municipal Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### FORMULACIÓN DE ROGOS.

15. (15). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente a que se convoque o comité de seguimento municipal da Covid-19.

16. (16). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto Sr. Pérez correa, referente ao desaloxo da federación veciñal do edificio que ocupan.

17. (17). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente á situación das persoas que están facendo cola para acceder ao concello na Praza do Rei.

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 33 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18. (18). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente as novas medidas preventivas que ten previsto aplicar nos servizos municipais no contexto socio-sanitario.

19. (19). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, referente ás medidas a tomar polo goberno para a organización do Servizo de Bombeiros.

20. (20). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente ás obras do Camiño Ceboleira.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto. Pleno Ordinario do Excmo. Concello de Vigo

Data. 27 de xaneiro de 2021

Inicio. 9 horas; 9 minutos.

Finalización. 12 horas; 37 minutos.

Duración: 3 horas; 28 minutos.

HTML -----

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3043](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3043)

Media -----

[1] Windows Media Video 1280x720, 2.7 GiB (Video)

SHA512 -

947f74438d7663121571e17b954a54d9803b250716e6b90c54c2be9ea6e45b7a06b4cf7  
7f2529e8e23cdab56470acb8be70b18a32f1c0072e625ee953be6b912



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 34 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Minutaje -----

00:00:01 - Asistentes : Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Aguiar Castro, Yolanda; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Meiriño, Alicia; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Gómez Díaz, Gorka; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María;

00:00:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:01 : **1.- Actas anteriores: (extraordinaria e urxente do 12.11, extraordinaria e urxente (COVID) do 12.11, extraordinaria do 18.11 e ordinaria do 25.11.2020).**

00:01:22 : **2.- Aprobación da incorporación do arquivo de audio ou audiovisual da sesión ás Actas do Pleno e ás das Comisións informativas do Pleno. Expte. 1675/110 (Rexistro Pleno 2757/1101)**

00:01:59 - Rodríguez Calviño, Patricia  
 00:03:26 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:03:34 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:05:21 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:05:24 - Pérez Correa, Rubén  
 00:06:58 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:07:02 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:10:43 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:10:49 - Rodríguez Calviño, Patricia  
 00:12:58 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:13:16 - Votación [9:20:40]

00:14:03 : **3.- Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 4º trimestre do ano 2020. Expte. 23955/541 (Rexistro Pleno 2758/1101)**

00:14:20 - Aneiros Pereira, Jaime  
 00:19:02 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:19:07 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:21:11 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:21:16 - Pérez Correa, Rubén  
 00:25:24 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:25:28 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:30:16 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:30:22 - Aneiros Pereira, Jaime  
 00:33:26 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:33:47 - Minuto de silencio por las victimas de violencia machista  
 00:34:50 - Caballero Álvarez, Abel

-----  
 S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 35 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

00:34:58 : **4.- Moción do concelleiro membro non adscrito, sobre as peaxes da AP -9 e a necesidade de actuacións polo impacto da autoestrada na cidade. Rexistro Pleno 2773/1101.**

00:35:14 - Pérez Iglesias, Xabier  
00:37:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:37:22 - Pérez Correa, Rubén  
00:42:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:42:35 - Egerique Mosquera, Teresa  
00:47:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:47:59 - Caride Estévez, María José  
00:53:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:53:21 - Pérez Iglesias, Xabier  
00:54:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:54:37 - Votación [10:02:11]  
00:55:18 - Votación [10:02:46]

00:55:37 : **5.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a elaborar un plan a 4 anos para abordar a reforma integral de centros educativos públicos da cidade de Vigo. Rexistro Pleno 2776/1101.**

00:55:56 - Gomez Díaz, Gorka  
01:00:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:00:56 - Pérez Iglesias, Xabier  
01:03:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:03:09 - Méndez Fuentes, Oriana  
01:07:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:07:18 - Egerique Mosquera, Teresa  
01:12:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:12:29 - Gomez Díaz, Gorka  
01:15:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:16:03 - Votación [10:23:19]

01:16:15 : **6.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos. Rexistro Pleno 2777/1101.**

01:16:45 - Aguiar Castro, Yolanda  
01:21:47 - Espinosa Mangana, Elena  
01:21:55 - Pérez Iglesias, Xabier  
01:24:05 - Espinosa Mangana, Elena  
01:24:13 - Méndez Fuentes, Oriana  
01:28:09 - Espinosa Mangana, Elena  
01:28:17 - Lopez Roman, Patricia  
01:32:54 - Espinosa Mangana, Elena  
01:32:59 - Aguiar Castro, Yolanda  
01:36:21 - Espinosa Mangana, Elena  
01:36:27 - Votación [10:44:07]

01:37:12 : **7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a transferir ao Concello de Vigo a cantidade de 25 millóns de euros para que se proceda á inmediata convocatoria pública de axudas ao sector da hostalería e do pequeno e mediano comercio. Rexistro Pleno 2778/1101.**

01:37:38 - Rivas González, Angel  
01:42:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:42:50 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 36 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

01:45:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:45:05 - Pérez Correa, Rubén  
01:50:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:50:20 - Marnotes González, Jose Alfonso  
01:55:35 - Caballero Álvarez, Abel  
01:55:41 - Rivas González, Angel  
01:59:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
01:59:40 - Votación [11:07:01]

02:00:04 : **8.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de a semaforizar o cruzamento de Avd. de Galicia co Camiño Cascalleira ao obxecto de evitar os accidentes e as situacións de perigo que alí se producen a diario. Rexistro Pleno 2779/1101.**

02:00:23 - Espinosa Mangana, Elena  
02:05:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:05:35 - Pérez Iglesias, Xabier  
02:07:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:07:50 - Pérez Correa, Rubén  
02:12:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:12:09 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco  
02:17:12 - Caballero Álvarez, Abel  
02:17:18 - Espinosa Mangana, Elena  
02:20:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:20:44 - Votación [11:28:10]

02:21:02 : **9.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Autoridade Portuaria a paralizar calquera iniciativa que supoña novos recheos, así como a realizar un estudo das diferentes actividades realizadas que permita comprobar cales precisan estar nesta terminal e as que poder estar ubicadas en calquera outro polígono industrial da cidade. Rexistro Pleno 2780/1101.**

02:21:28 - Caride Estévez, María José  
02:26:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:26:42 - Pérez Iglesias, Xabier  
02:28:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:29:03 - Pérez Correa, Rubén  
02:34:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:34:15 - Marnotes González, Jose Alfonso  
02:39:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:39:25 - Caride Estévez, María José  
02:42:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:42:58 - Votación [11:50:11]

02:43:16 : **10.- Dar conta de resolucións da Alcaldía do 22.12.20 ao 18.01.21. Expte. 955/1102 (Rexistro Pleno 2770/1101).**

02:43:27 : **11.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 22.12.20 ao 18.01.21. Expte. 956/1102 (Rexistro 2771/1101).**

02:43:40 : **12.- Dar conta do decreto da Alcaldía de data 4.01.21, referente á delegación na concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación, etc. Expte. 10122/307 (Rexistro Pleno 2769/1101).**

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 37 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

02:43:57 : **13.- Moción do grupo municipal Mixto, instando ao goberno local á creación dun Plan Director do Arboredo que garanta a preservación do patrimonio arbóreo e a biodiversidade e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2766/1101.**

02:44:15 - Méndez Fuentes, Oriana  
02:48:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:48:48 - Pérez Iglesias, Xabier  
02:50:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:51:00 - Marnotes González, Jose Alfonso  
02:55:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:55:29 - Marnotes González, Jose Alfonso  
02:55:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:55:42 - Rivas González, Angel  
03:01:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:01:07 - Méndez Fuentes, Oriana  
03:03:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:04:13 - Votación [12:11:40]

03:04:40 : **14.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre o apoio coordinado e con medidas de contido económico de tódalas administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) para paliar a crise no sector da hostalería, así como outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2775/1101.**

03:05:01 - Marnotes González, Jose Alfonso  
03:10:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:10:13 - Pérez Iglesias, Xabier  
03:12:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:12:22 - Pérez Correa, Rubén  
03:17:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:17:36 - Rivas González, Angel  
03:23:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:23:14 - Marnotes González, Jose Alfonso  
03:26:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:26:43 - Votación [12:34:04]

03:27:13 : **15 ROGOS**

03:27:20 - Pérez Iglesias, Xabier  
03:27:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:27:43 - Pérez Correa, Rubén  
03:28:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:28:07 - Marnotes González, Jose Alfonso  
03:28:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:28:25 : **PREGUNTAS**

03:28:29 - Pérez Iglesias, Xabier  
03:28:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:28:56 - Méndez Fuentes, Oriana  
03:29:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:29:13 - Marnotes González, Jose Alfonso  
03:29:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:30:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 38 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e trinta e sete minutos redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente ACTA, identificada co nº 1/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse o Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente o ano 2021.  
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez  
Javier Pardo Espiñeira  
Elena Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

-----  
S. Ord. 27.01.2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 39 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/04/2021 09:58

Páxina 40 de 40

Expediente 2870/1101

CSV: 2HE9D6-BCD5C2-8DC9C7-SFKEMA-C2YBRK-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>